

# Territorio

17/04/2024

## ÍNDICE

Superficie e densidade.....	1
Entidades de poboación.....	1
Núcleos de residencia.....	2
Superficie rústica e urbana.....	3
Infraestruturas.....	4
Definicións e máis información.....	5
Definicións.....	5
Descarga de datos.....	5

## Superficie e densidade

A superficie total da comunidade autónoma de Galicia é de 29.577 quilómetros cadrados e a densidade de poboación en 2022 foi de 91,0 persoas por quilómetro cadrado. Por provincias, Pontevedra, con 210,6 habitantes por quilómetro cadrado foi a que presentou unha maior densidade de poboación. No outro extremo atópase Lugo, con 32,9 persoas por quilómetro cadrado.

### Superficie e densidade. Ano 2023

	Superficie (km <sup>2</sup> )	Densidade (hab./km <sup>2</sup> )
Galicia	29.576,74	91,3
A Coruña	7.949,90	141,4
Lugo	9.858,03	32,9
Ourense	7.273,96	41,9
Pontevedra	4.494,85	210,6

## Entidades de poboación

A partir dos datos de España, obtense que o 49,1% das entidades singulares de España e o 76,9% das parroquias de España pertencen a Galicia. Por outra banda, o 41,6% dos diseminados de Galicia atópanse na provincia de Lugo.

## Entidades de poboación. Ano 2023

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Concellos	8.131	313	93	67	92	61
Entidades colectivas (parroquias)	4.908	3.772	927	1.264	915	666
Entidades singulares	62.026	30.454	10.642	9.845	3.706	6.261
Núcleos de poboación	37.453	10.439	4.108	1.339	2.616	2.376
Diseminados	41.083	20.812	6.582	8.663	1.249	4.318


Fonte:INE. Padrón. Explotación estadística y Nomenclátor a 1 de enero

## Núcleos de residencia


No ano 2023 o 43,0 % dos galegos residía en núcleos de poboación de máis de 10.000 habitantes. Estes núcleos (20) representan o 0,2 % dos núcleos de Galicia.

Por outra banda, o 57,3 % dos núcleos de Galicia ten menos de 50 habitantes pero a poboación que reside nestes núcleos é o 6,7 % da poboación galega.

### Poboación segundo o tamaño do núcleo de residencia. Galicia Ano 2023



### Núcleos segundo o tamaño. Galicia Ano 2023



### Superficie rústica e urbana

No ano 2023 a superficie rústica de Galicia era de 2.820.845 ha, repartidas en 10.921.405 parcelas. O valor catastral destas parcelas supera os 5.139 millóns de euros.

O número de parcelas urbanas ascendeu a 1.769.227 cunha superficie total de 1.213.776 hectáreas. O valor catastral total acadou os 108.092 millóns de euros, dos cales 71.051 millóns correspondían ao valor catastral dos bens inmobles de uso residencial.

## Catastro inmobiliario rústico e urbano. Ano 2023

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
<b>**Urbano**</b>					
Número de parcelas urbanas	1.769.227	561.583	285.125	379.390	543.129
Número de parcelas edificadas	1.073.909	335.108	200.371	241.638	296.792
Superficie das parcelas urbanas (miles de m2)	1.213.776	522.184	190.935	129.520	371.138
Bens inmobles	3.064.671	1.086.477	436.610	575.103	966.481
Bens inmobles de uso residencial	1.625.316	622.361	250.931	265.987	486.037
Valor catastral dos bens inmobles (miles de euros)	108.091.852	49.292.949	12.224.407	13.921.397	32.653.099
Valor catastral dos bens inmobles de uso residencial (miles de euros)	71.051.062	31.925.189	7.652.184	9.242.807	22.230.882
<b>**Rústico**</b>					
Superficie total (hectáreas)	2.820.845	736.421	965.303	711.599	407.522
Número de parcelas reais	10.921.405	2.685.455	2.274.417	3.583.729	2.377.804
Valor catastral (miles de euros)	5.139.332	2.593.739	1.017.928	541.242	986.423

Fonte:INE. Padrón. Explotación estadística y Nomenclátor a 1 de enero

## Infraestruturas

No ano 2021 investíronse en Galicia 108,1 millóns de euros na rede de estradas dependentes do Estado, 157,9 millóns na dependente da Comunidade Autónoma e 44,0 millóns de euros na dependente das deputacións. O investimento en ferrocarril acadou os 225,7 millóns de euros, en aeroportos e navegación aérea 17,1 millóns de euros e en portos e costas investíronse 101,4 millóns de euros.

## Liquidación orzamentaria dos investimentos en infraestruturas. Galicia

Unidade: Miles de euros

	2020	2021
Total da rede de estradas	302.246	309.987
Estradas do estado	116.052	108.111
Estradas da comunidade autónoma	138.037	157.913
Estradas das deputacións	48.157	43.963
Concesionarias de autoestradas	3.260	4.190
Ferrocarrís	111.615	225.733
Aeroportos e navegación aérea	6.511	17.105
Transporte marítimo e actuación nas costas	74.362	101.359
Obras hidráulicas	..	..

Fonte: Ministerio de Fomento.

## Rede de estradas. Galicia. Ano 2022

Unidade: Quilómetros

	Total	Dunha calzada	Estradas multicarril, autovías e autoestradas
Estado	2.376	1.435	941
Comunidades autónomas	5.483	5.176	307
Deputacións e cabidos	9.741	9.741	0

Fonte: Ministerio de Fomento.

## Definicións e máis información

### Definicións

### Descarga de datos

- Superficie
- Densidade de poboación
- Entidades de poboación
- Investimentos totais realizados na rede de estradas, nos aeroportos, nos ferrocarrís, nos portos e costas e nas obras hidráulicas
- Catastro inmobiliario urbano
- Catastro inmobiliario rústico

- Poboación e número de núcleos segundo o tamaño do núcleo
- Rede de estradas por tipo de pavimento e tipo de organismo